

## Texto 3 Descartes

De seguido, reflexionando sobre o feito de eu dubidar e que, en consecuencia, o meu ser non era completamente perfecto, pois vía claramente que era unha maior perfección coñecer que dubidar, ocorrúeseme pensar de onde aprendera eu a pensar nalgunha cousa máis perfecta do que eu era; e coñecín evidentemente que debía ser dalgunha natureza que fose en efecto máis perfecta. Polo que fai aos pensamentos que tiña de moitas outras cousas fóra de min, como o ceo, a terra, a luz, a calor e mil outras, non estaba preocupado por saber de onde veñen, a causa de que, non observando nada neles que semellase facelos superiores a min, podía eu crer que, se eles eran verdadeiros, o eran por unhas dependencias da miña natureza, en tanto que ela tiña algunha perfección; e se non o eran, tíñaos da nada, é dicir, eles estaban en min por algo que eu tiña de imperfecto. Pero non podía ocorrer o mesmo coa idea dun ser máis perfecto có meu; pois era cousa manifestamente imposible tela da nada; e como non hai menos repugnancia en que o máis perfecto sexa unha consecuencia e unha dependencia do menos perfecto, do que a hai de que da nada proceda algo, non a podía ter tampouco de min mesmo. De xeito que só quedaba que ela fose posta en min por unha natureza que fose verdadeiramente máis perfecta do que eu era, e mesmo que tivese en si todas as perfeccións das que eu puidese ter algunha idea, é dicir, para explicalo nunha palabra, que fose Deus. Ao que engadín que, xa que coñecía algunhas perfeccións que eu non tiña, non era o único ser que existía (usarei aquí libremente, se se me permite, as palabras da Escola), senón que necesariamente era preciso que houbera algún outro máis perfecto, do cal eu dependese, e do que adquirise todo canto eu tiña. Pois se eu fose só e independente de calquera outro, de xeito que tivese por min mesmo o pouco que participaba do ser perfecto; pola mesma razón podería ter por min mesmo todo o restante que sabía que me faltaba, e ser así eu mesmo infinito, eterno, inmutable, omnisciente, omnipotente e, en fin, ter todas as perfeccións que podía observar que están en Deus.

*Discurso do Método, Parte IV. (René Descartes)*

1.- Cal cres que é a **idea central** do texto?

**A demostración da existencia de Deus a partir de idea de Deus como causa da nosa idea de ser perfecto. Non podemos ser causa de nós mesmos xa que nese caso daríamnos todas as perfección posibles. É un tipo de demostración a priori (á marxe da experiencia).**

2.- A que cres que alude Descartes cando se refire “as palabras da escola”?

Na escolástica o *Ser (Esse)* era a noción fundamental do que **existe e é real**, sendo Deus o *Ser Absoluto, creador e fundamento de todo ser*.

3.- Cando Descartes fala de “algo posto en el”, a que cres que se refire?

**As ideas innatas**

4.- Que é o único que considera Descartes que é superior a él?, como sabe que é superior a él? Todo iso que implica no seu pensamento filosófico?

- a) Deus
- b) Porque é consciente de que existen certas perfeccións que concibe, pero non posúe e as identifica con el. Por exemplo, Descartes, como ser imperfecto, dubida, mentres que Deus como ser perfecto e omnisciente coñece.
- c) Implica que a idea dun ser máis perfecto (Deus) non pode provir da nada ou dun ser imperfecto, polo tanto Deus **necesariamente debe existir**. A existencia de Deus (polo menos na conciencia) vai ser clave xa que dará pé a demostración real da existencia de Deus e –consecuentemente– a demostración do mundo real (non así da veracidade de todas as nosas percepcións). Gracias a Deus, Descartes pode superar o *solipsismo*.